

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

04/04/2024

16:15 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Como se chama o vehículo concibido especialmente para o transporte de materias sólidas, pulverulentas ou granulosas en depósito pechado?

- a) Vehículo silo.
- b) Vehículo batería.
- c) Vehículo tolva.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

2. Segundo o acordo ATP, as marcas de identificación dos vehículos de temperatura controlada consisten en:

- a) uns números.
- b) unhas letras.
- c) uns números e unhas letras.
- d) uns números e unhas cores.

3. Como se denomina a acción que sucede ao frear cando parte do peso que soporta o eixo traseiro dun camión pasa cara adiante?

- a) Desprazamento de masas.
- b) Cabeceo.
- c) Guiñada.
- d) Abalo.

4. O sistema de suspensión dun camión:

- a) regula a presión de inflado.
- b) evita que a roda sufra un certo esvaramento.
- c) evita que todas as imperfeccións do terreo transmitanse dentro do habitáculo.
- d) controla o movemento do vehículo en caso de aquaplaning.

5. A forza que opón resistencia ao movemento entre a superficie do pneumático dun camión e a calzada denomínase:

- a) resistencia por rozamento.
- b) desprazamento de masas.
- c) forza de molaridade.
- d) resistencia á pendente.

6. Nun camión, o esvaramento dun pneumático pode darse:

- a) por aceleración unicamente.
- b) por freada unicamente.
- c) por aceleración ou por freada.
- d) en calquera circunstancia.

7. Unha boa estiba require que a carga sexa colocada:

- a) de forma lonxitudinal á caixa do vehículo.
- b) con espazos de, polo menos, catro centímetros entre os vultos.
- c) con espazos de, polo menos, un centímetro entre os vultos.
- d) para ser transportada cun máximo de seguridade para o persoal do vehículo.

8. Que pares tratan de virar a un camión ao redor do seu eixo xeométrico vertical?

- a) Os pares das rodas.
- b) Os pares de viraxe.
- c) Os pares de inercia.
- d) Os pares de freado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Se a suma de forzas e pares á que pode estar sometido un camión fose distinta de cero, que repercusión tería sobre o seu movemento?

- a) Que se movería na dirección definida pola forza resultante da suma.
- b) Que se atoparía en repouso.
- c) Que se movería só á dereita.
- d) Que se movería só á esquerda.

10. A Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres considera a actividade de almacenista-distribuidor como:

- a) unha actividade independente do transporte.
- b) unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- c) unha actividade substitutiva do transporte.
- d) Esta lei non contempla esa actividade, regúlase por outras normas.

11. O capital dunha sociedade de responsabilidade limitada atópase dividido en:

- a) participacións.
- b) accións.
- c) valores.
- d) bonos.

12. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras RND?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase D.
- b) Un vehículo refrixerante normal da clase D.
- c) Un vehículo isoterma normal da clase D.
- d) Un vehículo calorífico normal da clase D.

13. Quen son os profesionais especializados en organizar transportes internacionais e levar a cabo os trámites aduaneiros?

- a) Os axentes de aduanas.
- b) Os transitarios.
- c) Os axentes de inspección.
- d) Os xestores internacionais.

14. As persoas que obtivesen o permiso de conducir das clases C1, C1 E, C ou C E a partir de 11 de setembro de 2009 deben obter ademais:

- a) o Certificado de Condución Completa (CCC).
- b) o Certificado de Condución Profesional (CCP).
- c) o Certificado Profesional (CP).
- d) o Certificado de Aptitude Profesional (CAP).

15. Como se chama o vehículo destinado ao transporte a granel de líquidos ou de gases licuados?

- a) Portacontedores.
- b) Cisterna.
- c) Capitoné.
- d) Portavehículos.

16. Cando a masa do camión é elevada durante a circulación nunha pendente ascendente:

- a) requírese máis esforzo para mover o vehículo e teranse que realizar máis cambios de marcha.
- b) requírese menor esforzo para mover o vehículo e teranse que realizar máis cambios de marcha.
- c) requírese maior esforzo para mover o vehículo e teranse que realizar menos cambios de marcha.
- d) requírase o mesmo esforzo e a mesma utilización de marchas que durante unha pendente descendente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Que se debe calcular para poder realizar un transporte de mercadorías?

- a) Se se dispón de espazo suficiente, mediante unha simulación con paquetes definidos para tal fin.
- b) O peso indeterminado da carga.
- c) A cantidade de mercadorías que se poden transportar.
- d) O centro de gravidade da carga.

18. A autorización CEMT permite realizar transporte entre un país membro da devandita organización e un país terceiro?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só en situacións de emerxencia.
- d) Só con vehículos de ata 3.500 kg de Masa Máxima Autorizada.

19. A que se chama custos externos do transporte de mercadorías?

- a) Ás tarifas que aplican os transportistas aos seus clientes.
- b) A aqueles que deben ser pagados por toda a poboación.
- c) Aos que, de acordo con as normas, son subvencionables.
- d) A aqueles nos que se incorre no transporte internacional durante os traxectos que transcorren fóra do país.

20. Nunha empresa de transporte de mercadorías, a elaboración das nóminas é función propia do:

- a) condutor.
- b) xerente.
- c) administrativo.
- d) comercial.

21. O Convenio CMR contempla diversas causas de exención de responsabilidade do transportista cando o dano da mercadoría puidese derivar delas. A quen corresponde a proba?

- a) Ao transportista.
- b) Ao remitente.
- c) Ao destinatario.
- d) Á Xunta Arbitral do Transporte.

22. En que ámbito pódese realizar transporte cunha autorización identificada rexistralmente coa clave MDLE?

- a) Só no municipio de residencia.
- b) Só nun radio de 100 quilómetros desde o municipio de residencia.
- c) Só na Comunidade Autónoma de residencia.
- d) En todo o territorio nacional.

23. Os embragues hidráulicos son:

- a) embragues automáticos.
- b) embragues específicos para camións.
- c) embragues específicos para autobuses.
- d) embragues para caixas de máis de 8 marchas.

24. Nun camiión, como se denomina o espazo concibido e adaptado para o transporte das mercadorías?

- a) Volume útil.
- b) Sección de carga.
- c) Contedor.
- d) Espazo máximo autorizado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. En que tipo de sociedade o capital debe pertencer aos traballadores da empresa en máis dun 50%?

- a) Nas cooperativas de traballo asociado.
- b) Nas cooperativas de transportistas.
- c) Nas sociedades laborais.
- d) Nas sociedades de garantía recíproca.

26. Como é coñecido tamén o control electrónico do sistema de freado?

- a) Electronically controlled brake system (EBS).
- b) Electronic brake variation (EBV).
- c) Brake assistance system (BAS).
- d) Electronic stability program (ESP).

27. Como son os valores de par e potencia que aparecen nas especificacións técnicas indicadas polo fabricante do vehículo?

- a) Mínimos.
- b) Medios.
- c) Incrementados.
- d) Máximos.

28. O tacógrafo analóxico rexistra datos acerca do condutor e do vehículo en:

- a) follas para as avarías do tacógrafo.
- b) cadros-diagrama de traballo.
- c) follas de roteiro.
- d) follas de rexistro ou discos-diagrama.

29. Que son enfermidades profesionais?

- a) Aquelas que presentan relación cunha determinada rama de actividade.
- b) Aquelas que teñen un nivel baixo de ocorrencia entre os traballadores dunha rama de actividade.
- c) Aquelas que teñen un nivel alto de ocorrencia entre os traballadores dunha rama de actividade.
- d) As respostas A e C son correctas.

30. As estatísticas mostran que, con relación á situación de hai 30 anos, en España o número de mortos en accidente de tráfico:

- a) aumentou considerablemente.
- b) diminuíu considerablemente.
- c) mantívose estable.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

31. Ante a presenza dun accidente de circulación, quen teñen a obrigaón legal de actuar?

- a) Unicamente os servizos sanitarios de emerxencia.
- b) Tanto os condutores como os demais usuarios da vía que o presencien.
- c) Unicamente os axentes das Forzas de Seguridade encargadas da vixilancia da circulación.
- d) Só os condutores que teñan coñecementos acreditados de primeiros auxilios.

32. O bocexo, a sede ou a necesidade de ir ao baño, son sinais de perda de enerxía?

- a) Non.
- b) Só o bocexo.
- c) Si.
- d) Só a necesidade de ir ao baño.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. O período de condución bisemanal non pode exceder de:

- a) 56 horas.
- b) 90 horas.
- c) 112 horas.
- d) 80 horas.

34. O sistema de freos ABS (antiblock brake system) é un dispositivo:

- a) que permite manter a suspensión amortecida ao frear o vehículo.
- b) que evita o bloqueo das rodas ao frear o vehículo.
- c) que evita a perda de tracción das rodas propulsoras.
- d) que non permite frear un vehículo, salvo en situacións de emerxencia.

35. Para evitar que apareza o efecto "fading":

- a) débese abrir a válvula de 3 vías.
- b) non se debe facer nada.
- c) débese actuar sobre os ralentizadores de que dispoña o vehículo.
- d) débese manter a velocidade constante.

36. Para unha maior eficacia, o cinto de seguridade debe axustarse ao corpo do ocupante dun vehículo...

- a) o máis folgado posible.
- b) o máis apertado posible.
- c) sen folgas, nin apertado nin frouxo.
- d) máis apertado ou frouxo en función da corpulencia de cada persoa.

37. Unha mala alimentación, pode incrementar a fatiga e reducir a concentración?

- a) Non.
- b) Pode reducir a concentración, pero non incrementar a fatiga.
- c) Pode incrementar a fatiga, pero non a concentración.
- d) Si.

38. Sinale a opción que non é acorde co mantemento dunhas boas condicións en canto ao espazo e medios de traballo.

- a) É recomendable que sempre haxa ruído, o silencio absoluto non é bo.
- b) Existirá espazo suficiente para os movementos do corpo.
- c) Os instrumentos de mando estarán situados nunha zona que permita o seu fácil alcance.
- d) Os mangos e empuñaduras adaptaranse á anatomía da man.

39. O cigüeñal transforma:

- a) o movemento horizontal do pistón en movemento vertical.
- b) o movemento vertical do pistón en movemento horizontal.
- c) o movemento lineal alternativo do pistón en movemento xiratorio.
- d) o movemento xiratorio do pistón en movemento lineal alternativo.

40. Na actividade de transporte, que mala práctica causa lesións na pel e nos ollos con máis frecuencia?

- a) Posturas de traballo incorrectas.
- b) Derrame de mercadoría perigosa por mor de accidentes de tráfico.
- c) Mantemento prolongado de posturas forzadas.
- d) Levantamento de pesos excesivos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Na actividade de transporte, que mala práctica está asociada directamente con accidentes mortais?

- a) Deterioración da cabina ou do asento.
- b) Posturas inadecuadas durante a condución.
- c) Firme deficiente das estradas.
- d) Fugas de combustible.

42. O exercicio físico habitual é especialmente recomendable para:

- a) comprender o sentido das normas de circulación.
- b) analizar a información procedente do sistema de tráfico.
- c) ninguén.
- d) os condutores profesionais xa que pasan moitas horas da súa xornada sentados.

43. Para que unha doenza sexa considerada enfermidade profesional:

- a) debe estar expresamente recoñecida como tal polas autoridades sanitarias.
- b) debe ser unha doenza que ocorra moi frecuentemente.
- c) debe ser unha doenza grave.
- d) debe ser unha doenza leve.

44. A potencia dun motor é:

- a) o par motor.
- b) o traballo que é capaz de realizar na unidade de tempo.
- c) a relación de compresión do motor.
- d) o valor que se ten en conta para fixar o imposto sobre os automóviles.

45. O par máximo dun motor é:

- a) o máximo de revolucións que pode alcanzar o motor.
- b) a máxima forza de xiro que pode proporcionar o motor.
- c) a potencia máxima que pode proporcionar o motor.
- d) o consumo máximo do motor.

46. Ordene os motores de maior a menor consumo específico.

- a) Diésel de inxección directa, diésel de inxección indirecta, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.
- b) Gasolina de inxección indirecta, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e diésel de inxección directa.
- c) Diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e gasolina de inxección indirecta.
- d) Diésel de inxección indirecta, diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.

47. Sinala a afirmación incorrecta:

- a) No impreso da declaración amigable de accidente deben indicarse e verificarse, respectivamente, os datos dos asegurados correspondentes aos vehículos implicados.
- b) No impreso da declaración amigable de accidente debe identificarse cada un dos vehículos implicados (matrícula, marca, modelo etc.)/ etc.).
- c) A declaración amigable de accidente debe ser asinada por un axente do orde.
- d) No impreso da declaración amigable de accidente débense anotar os datos correspondentes ás compañías aseguradoras, indicando, entre outros, o seu nome ou razón social, domicilio e número de póliza.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

48. En que momento da condución requírese unha maior concentración?

- a) En condicións meteorolóxicas favorables.
- b) Ao saír do garaxe.
- c) En adiantamentos en autovías.
- d) En condicións meteorolóxicas desfavorables.

49. De que forma débese producir unha freada segura e controlada?

- a) Freando de forma brusca e progresiva.
- b) Freando de forma brusca e sen pisar o embrague.
- c) Freando de forma suave e progresiva.
- d) Freando de forma suave e repentina.

50. Un condutor que conduce unha semana 25 horas, cantas horas pode conducir, como máximo, a semana seguinte, segundo a regulamentación social europea?

- a) 65 horas.
- b) 56 horas.
- c) 70 horas.
- d) 75 horas.

51. Está considerado como manipulación do tacógrafo a instalación de elementos externos que fagan rexistrar descanso cando a actividade realizada é condución?

- a) Si, sempre.
- b) Non, nunca.
- c) Si, pero só para vehículos nacionais.
- d) Si, pero só para vehículos de países terceiros.

52. Cales son as principais medidas que deben tomarse en caso de xeo na estrada?

- a) Freado a fondo para poder deter o vehículo en poucos metros.
- b) A arrancada debe facerse nunha relación de marchas o máis curta posible.
- c) En caso de perda de control non debe frearse, debe levantarse suavemente o pé do acelerador.
- d) Nas curvas débese tocar suavemente o freo.

53. Que coidado habemos de ter ao traballar de pé?

- a) A columna conservárase inclinada.
- b) Non é bo cambiar a postura das costas.
- c) Recoméndase o uso de plantillas no calzado.
- d) Se hai que inclinarse, flexionáranse os xeonllos.

54. Cando gasta máis combustible un vehículo?

- a) Cando o motor dá un par baixo.
- b) Cando o motor dá o seu máximo par.
- c) Cando o motor dá unha potencia intermedia.
- d) Cando o motor dá a súa máxima potencia.

55. Cando se produce o par motor mínimo?

- a) Á velocidade máxima.
- b) Ao ralentí.
- c) Á potencia máxima.
- d) Á aceleración máxima.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

56. Onde se solicitan as tarxetas de tacógrafo de condutor?

- a) No Ministerio de Transportes.
- b) Na oficina de transporte da Comunidade Autónoma onde estea residenciado o condutor.
- c) Na Xefatura Provincial de Tráfico correspondente ao domicilio do condutor.
- d) Na Subdelegación do Goberno correspondente á residencia do condutor.

57. O retardador hidráulico é compatible co sistema ABS de freos?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só para velocidades por baixo de 100 km/hora.
- d) Só para velocidades por encima de 100 km/hora.

58. Na declaración amigable de accidentes, débese facer constar o lugar do accidente?

- a) Si.
- b) Só cando sucedese nunha vía urbana.
- c) Só cando sucedese nunha vía interurbana.
- d) Só cando sucedese dentro de España.

59. É necesario posuír permiso de condución para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade acelerada?

- a) Si, é necesario.
- b) Si, é necesario nalgúns supostos.
- c) Non é necesario.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

60. A falta de sono pode alterar o comportamento do condutor?

- a) Non.
- b) Só pola noite.
- c) Si, fai que estea máis atento.
- d) Si, xerando nerviosismo e agresividade.

61. O uso que se realice dos sistemas de freado dun automóbil, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Si, a condición de que os freos non sexan eléctricos.
- c) Non, xa que os freos só influen na distancia de freado.
- d) Non se se utiliza un adecuado sistema de inxección.

62. Nos motores de combustión, se as válvulas de escape dos cilindros non se abren no momento adecuado:

- a) influirá no consumo de carburante.
- b) aumentará a potencia do motor.
- c) aumentará o par motor.
- d) diminuirá o consumo de carburante.

63. Cal é a función principal do ralentizador hidrodinámico?

- a) Aumentar o coeficiente de rozamento das zapatas de freo.
- b) Evitar o fenómeno "fading".
- c) Refrixerar os elementos freantes.
- d) Aumentar a temperatura de funcionamento dos freos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

64. Dos elementos que se citan a continuación, cal ten como finalidade manter as revolucións da transmisión nun réxime determinado sen que haxa rozamentos entre pezas?

- a) O freo de disco.
- b) O freo de tambor.
- c) O freo eléctrico.
- d) O ABS.

65. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscrición obrigatoria alcanzará aos danos materiais ocasionados ao tomador do seguro?

- a) Só cando o tomador non sexa o condutor do vehículo causante do accidente.
- b) Só cando o tomador non sexa á vez o asegurado.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Sempre estarán cubertos.

66. As arbitaxes en materia de transportes:

- a) serán gratuítos.
- b) só serán gratuítos para o que obteña un laudo favorable.
- c) teñen o mesmo custo que un xuízo ordinario.
- d) Abonaranse os gastos a partes iguais entre demandante e demandado.

67. En termos relativos, que nivel de sinistralidade teñen os condutores profesionais?

- a) Elevado, debido á pouca experiencia dos condutores.
- b) Elevado, a pesar da experiencia dos condutores.
- c) Baixo, a pesar da pouca experiencia dos condutores.
- d) Baixo, debido á experiencia dos condutores.

68. Que medidas é necesario establecer para ter unha visibilidade plena da estrada?

- a) Colocar un adorno colgado do espello retrovisor.
- b) Evitar a colocación de obxectos que impidan unha correcta visibilidade.
- c) Adhesivos nos cristais.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

69. Que zapatos son adecuados para traballar de pé?

- a) De tacón alto.
- b) Os completamente planos.
- c) Con tacón de 2 a 4 cm.
- d) Os de plataforma.

70. Que tipo de chan é capaz de absorber e amortecer parte do peso do corpo?

- a) Cemento.
- b) Moqueta.
- c) Asfalto.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

71. Facendo unha conducción económica, mellórase a seguridade da circulación?

- a) Non, só se consegue reducir a factura enerxética do país.
- b) Non, aínda que a emisión de contaminantes é menor.
- c) Si, xa que algunhas das técnicas que se utilizan para iso melloran a seguridade.
- d) Non, iso só se consegue coa experiencia na conducción.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

72. Cales son as resistencias que interveñen no movemento dun vehículo?

- a) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodaxe, a resistencia á pendente e a resistencia ao movemento do pistón.
- b) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodaxe e a resistencia á pendente.
- c) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodaxe e a resistencia ao movemento do pistón.
- d) A resistencia aerodinámica, a resistencia á pendente e a resistencia ao movemento do pistón.

73. Que risco para a conducción aumenta cando aparece o xeo na calzada?

- a) Perda de adherencia.
- b) Perda de visibilidade.
- c) Desprazamento ou envorco.
- d) Zonas asolagadas.

74. Que duración deben ter os cursos posteriores á formación inicial para manter a vixencia do certificado de aptitude profesional (CAP)?

- a) 35 horas.
- b) 30 horas.
- c) 25 horas.
- d) 20 horas.

75. Ao accionar o freo motor no escape:

- a) o cilindro de amortecemento apágase.
- b) a válvula de aceleración sobe de revolucións.
- c) a válvula de aceleración baixa de revolucións.
- d) limitase a saída de gases de escape, freando o desprazamento dos pistóns.

76. Como pode conseguir aforro enerxético unha empresa de transporte?

- a) Instalando tacógrafos dixitais nos vehículos.
- b) Cunha boa política de renovación dos vehículos.
- c) Instalando retardadores hidráulicos de freada nos vehículos.
- d) Non superando a MMA dos vehículos en máis dun 5%.

77. Nun menú na estrada, que alimentos deberanse evitar?

- a) As verduras.
- b) Os alimentos e salsas excesivamente graxas.
- c) O arroz e a pasta.
- d) As patacas e os legumes.

78. Para controlar o espazo co vehículo de diante, é necesario:

- a) achegarse o suficiente como para aproveitarnos do rebufo e así facer unha conducción económica.
- b) deixar unha distancia de, polo menos, 2 ou 3 segundos, que dea tempo para reaccionar.
- c) obrigar ao vehículo a que se desprace á dereita para poder adiantalo.
- d) Todas as respostas son correctas.

79. Para saber o momento adecuado no que se debe cambiar de marcha, e con iso reducir o consumo de carburante, o condutor dun vehículo pesado deberá ter en conta:

- a) a anchura dos pneumáticos.
- b) o coeficiente aerodinámico do vehículo.
- c) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- d) as revolucións por minuto do motor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

80. Que resistencias interveñen no movemento dos vehículos?

- a) A resistencia da árbore de transmisión.
- b) A resistencia do grupo cónico diferencial.
- c) A resistencia da pendente.
- d) A resistencia do volante de inercia.

81. Que resistencia intervéñen no movemento dos vehículos?

- a) A resistencia aerodinámica.
- b) A resistencia á combustión do carburante.
- c) A resistencia calórica dos elementos freantes.
- d) A resistencia da árbore de levas.

82. Nun vehículo pesado, a resistencia á rodaxe depende do traballo de flexión dos pneumáticos?

- a) Si, canto menor sexa o traballo de flexión, maior será a resistencia á rodaxe.
- b) Si, canto menor sexa o traballo de flexión, menor será a resistencia á rodaxe.
- c) Si, por este motivo, cando a presión de inflado é baixa, diminúe o consumo de carburante.
- d) Non.

83. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros:

- a) da montaxe de freos de tambor.
- b) da montaxe de freos de disco.
- c) do material do que estea construída a carrocería.
- d) do mantemento do vehículo, a posición do pedal do acelerador e as revolucións por minuto do motor.

84. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado atópanse:

- a) A maior ou menor refrixeración dos freos.
- b) Os ralentizadores que monte o vehículo.
- c) As revolucións por minuto do motor.
- d) Se o vehículo posúe ou non suspensión pneumática.

85. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado débense coñecer os factores que inflúen nel. Entre estes factores atópase:

- a) o tipo de bomba de inxección: lineal ou rotativa.
- b) o tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- d) o perfil da estrada, o tipo de condución que realice o condutor e o número de revolucións do motor.

86. Que vantaxes ten reducir a velocidade media de circulación?

- a) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- b) Non ter que comprobar a presión de inflado dos pneumáticos, salvo en caso de picada.
- c) Menor consumo de carburante.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

87. Como se chaman uns dispositivos hidráulicos que incorporan algunhas caixas de velocidades para minorar as revolucións que chegan ás rodas e realizan unha función de freado adicional?

- a) Freos de emerxencia.
- b) Retardadores.
- c) Freos hidráulicos.
- d) Sincronizadores.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

88. Cantos modos de funcionamento ten o tacógrafo dixital?

- a) Dous: operativo e automático.
- b) Dous: analóxico e dixital.
- c) Tres: de control, de empresa e dixital.
- d) Catro: operativo, de control, de calibrado e de empresa.

89. Que se deberá ter en conta respecto á utilización do cinto de seguridade?

- a) Que a parte superior da cinta debe pasar polo pescozo.
- b) Que debe levar correctamente abrochado, ben regrado e axustado ao corpo sen folgura.
- c) Que a parte superior da cinta debe pasar pola zona pélvica.
- d) Que debe levar moi frouxo.

90. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, os danos na mercadoría transportada no vehículo responsable do accidente:

- a) serán indemnizados sempre.
- b) só serán indemnizados no caso de tratarse dun transporte público.
- c) non serán indemnizados se houbo negligencia do condutor.
- d) non serán indemnizados en ningún caso.

91. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, o falecemento do condutor do vehículo causante do accidente:

- a) dá dereito a unha indemnización de ata un máximo de 300.000 euros.
- b) non se indemnizará en caso de haber negligencia pola súa banda.
- c) non se indemnizará agás se fose o tomador do seguro.
- d) non está cuberto por este seguro.

92. Que elemento pode condicionar a freada dun vehículo pesado?

- a) A carga transportada.
- b) A suxeición da carga.
- c) A distribución da carga.
- d) Todas as respostas son correctas.

93. O sistema de axuda á conducción coa función de recoñecer sinais de tráfico e informar o condutor tamén é coñecido como:

- a) ACC.
- b) TSR.
- c) LKA.
- d) IHC.

94. Os sinais de balizamento utilízanse para:

- a) indicar que a estrada está en obras.
- b) indicar que a estrada está cortada.
- c) orientar ao tráfico ou indicar lugares de perigo.
- d) Todas as respostas son correctas.

95. O ASR, Anti Slip Regulation, é un elemento de seguridade...

- a) activa.
- b) activa e pasiva.
- c) pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

96. A responsabilidade dun condutor por colaborar na introdución en España de produtos prohibidos, utilizando o vehículo que ten ao seu cargo:

- a) determínase aplicando a lexislación en materia de contrabando.
- b) determínase aplicando a lexislación fiscal.
- c) determínase aplicando a lexislación mercantil.
- d) determínase aplicando a lexislación de ordenación do transporte terrestre.

97. En caso de auxiliar nun accidente de tráfico, convén facelo:

- a) utilizando luvas.
- b) utilizando máscaras.
- c) o máis rapidamente posible, sen atender a se levamos ou non luvas e máscaras.
- d) As respostas A e B son correctas.

98. Que características ten o número de atención de emerxencias 112?

- a) Ten un custo, pero este é reducido.
- b) Só permite avisar aos servizos sanitarios.
- c) Pódese conectar con el aínda que o noso teléfono non teña cobertura para chamadas ordinarias nese momento.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. As controversias que se someten ás Xuntas Arbitrais do Transporte son resoltas mediante:

- a) unha sentenza.
- b) unha providencia.
- c) un laudo arbitral.
- d) unha orde executiva.

100. Salvo excepcións, os condutores de vehículos de transporte de mercadorías con MMA superior a 7,5 toneladas non deben participar nas operacións de carga do vehículo cando a carga consista en:

- a) mercadoría propiamente dita.
- b) envases.
- c) soportes para a mercadoría.
- d) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Unha das formas de medir o esvaramento das rodas motrices dun camión é:

- a) a curva de esvaramento aparente.
- b) o índice térmico de desprazamento.
- c) o coeficiente de esvaramento aparente.
- d) o coeficiente aerodinámico.

102. Pódese conducir un vehículo equipado con tacógrafo dixital sen a tarxeta persoal de condutor nalgún suposto?

- a) Si, durante quince días naturais en caso de deterioración, mal funcionamento, extravío ou roubo da tarxeta.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, durante un máximo dunha semana.
- d) Non, salvo en caso de urxencia xustificada.

103. En que tipo de transporte de animais é obrigatorio que o persoal que os manipule estea formado e capacitado?

- a) En todos os transportes de equinos e bovinos.
- b) En todos os transportes efectuados con vehículos de máis de 12 tn de MMA.
- c) En todos os transportes de máis de 65 km de distancia entre o lugar de saída e o de destino.
- d) En todos os transportes de animais vivos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 04-04-2024 16:15 h

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

103. ¿En qué tipo de transporte de animales es obligatorio que el personal que los manipule esté formado y capacitado?

a) En todos los transportes de equinos y bovinos.

b) En todos los transportes efectuados con vehículos de más de 12 tn de MMA.

c) En todos los transportes de más de 65 km de distancia entre el lugar de salida y el de destino.

d) En todos los transportes de animales vivos.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 04-04-2024 16:15 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A
Duración: 120 MINUTOS

96. La responsabilidad de un conductor por colaborar en la introducción en España de productos prohibidos, utilizando el vehículo que tiene a su cargo:

- a) se determina aplicando la legislación en materia de contrabando.
- b) se determina aplicando la legislación fiscal.
- c) se determina aplicando la legislación mercantil.
- d) se determina aplicando la legislación de transporte terrestre.

97. En caso de auxiliar en un accidente de tráfico, conviene hacerlo:

- a) utilizando guantes.
- b) utilizando mascarillas.
- c) lo más rápidamente posible, sin atender a si llevamos o no guantes y mascarillas.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

98. ¿Qué características tiene el número de atención de emergencias 112?

- a) Tiene un coste, pero este es reducido.
- b) Solo permite avisar a los servicios sanitarios.
- c) Se puede conectar con el aunque nuestro teléfono no tenga cobertura para llamadas ordinarias en ese momento.
- d) Todas las respuestas son correctas.

99. Las controversias que se someten a las Juntas Arbitrales del Transporte son resueltas mediante:

- a) una sentencia.
- b) una providencia.
- c) un laudo arbitral.
- d) una orden ejecutiva.

100. Salvo excepciones, los conductores de vehículos de transporte de mercancías con MMA superior a 7,5 toneladas no deben participar en las operaciones de carga del vehículo cuando la carga consista en:

- a) mercancía propiamente dicha.
- b) envases.
- c) soportes para la mercancía.
- d) Todas las respuestas son correctas.

